

## Complemento para titulares de pensión non contributiva que residan nunha vivenda alugada

### **Obxecto:**

Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensión non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e residan de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato, sempre que o propietario daquela non teña relación de parentesco co/coa pensionista ata o terceiro grao.

### **Requisitos:**

- Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude e na de resolución.
- Carecer de vivenda en propiedade.
- Ser titular do contrato de arrendamento da vivenda na data da solicitude.
- Non ter coa persoa arrendadora da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o 3º grao nin constituír con aquél unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade conxugal
- Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

Se na mesma vivenda alugada conviven dúas ou máis persoas que tiveran recoñecida a PNC, so terá dereito a este complemento aquel/aquela que sexa titular do contrato de arrendamento ou, de ser varios, o primeiro deles.

Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días inmediatamente anteriores á data da solicitude.

### **Contía:**

A contía do complemento para o ano 2017 é de 525 euros anuais, que se fará efectivo nun pagamento único, con anterioridade ao 31 de decembro de 2017.

Aos pensionistas aos que non se lle poidera abonar o complemento na data indicada, este farase efectivo como máximo, dentro do prazo de tres meses seguintes á dita data.

Non se computa como rendas ou ingresos a efectos de determinar o mantemento do dereito á pensión.

### **Documentación:**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. A documentación complementaria poderá presentarse de forma electrónica utilizando calquera procedemento de copia dixital do documento orixinal.

- a. Solicitude (BS650F) | Presentación electrónica na sede

- b. Copia do documento que acredite a representación cando a solicitude se subscriba por persoa distinta a persoa beneficiaria da pensión non contributiva.
- c. Copia compulsada do contrato de arrendamento en vigor. No caso de que xa fose presentado anteriormente non será necesario achegalo (indicarse en que momento e ante que órgano administrativo se presentou). Se non existe contrato de arrendamento escrito, a condición de arrendatario xustificarse por outro medio de proba válido en dereito, sempre que este acredite a localización da vivenda, que debe coincidir coa residencia habitual do pensionista, a vixencia mínima do arrendamento dun ano, a identificación do arrendador e do arrendatario, con indicación do nome e apelidos, NIF e domicilio de ambos.

**Lugar de presentación:**

- Preferiblemente por vía electrónica.
- Servizos Sociais Comunitarios.
- Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social

**Prazo de presentación:**

Ata o 31 de decembro de 2017

A resolución deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de 3 meses dende a data de entrada en rexistro da solicitude.